

**Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Boborás para o proxecto senlleiro "Posta en valor das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa", orientado á conservación do seu patrimonio e a súa promoción turística a través da posta en valor de pontes históricas medievais.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

## REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente, actuando en nome e representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Ana Patricia Torres Madureira, na súa calidade de alcaldesa do Concello de Boborás, en virtude da súa condición de alcaldesa do citado concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





## EXPOÑEN

**Primerio.-** Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e o entorno para a mellora da calidade de vida da poboación que permitan por un lado unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e permitan así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

**Segundo.-** Que a Agader, con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Segundo o artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), a Agader é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Agader quere acometer proxectos que poidan afectar a elementos do ámbito cultural e patrimonial no rural galego, xa que ditas actuacións inciden tanto na preservación dos valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais, e de ocio que farán do medio rural un lugar mais atractivo ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e polo tanto do desenvolvemento xeral do territorio.

**Terceiro.-** Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello da Boborás para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciña. Como entidade máxima da representación do seu territorio desenvolve todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito competencial, favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado o Concello de Boborás, como entidade máxima da





representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

Con data 19.04.2022 o concello presenta unha solicitude na que acompaña, proxecto técnico e informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Ourense, para a colaboración coa Agader neste proxecto senlleiro, a través da figura do convenio.

**Cuarto.-** Que neste marco a Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos senlleiros que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos non existentes ata o de agora.

Polo tanto, atopámonos ante un proxecto senlleiro na Comunidade Autónoma que reforza tanto o potencial do concello como entidade coordinadora do desenvolvemento socioeconómico do seu territorio e como o potencial territorial do concello entendido como unidade xeográfica.

Con este convenio asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, o espazo necesario para que poidan desenvolverse actividades que favorezan a mellora da calidade de vida da poboación do rural galego desenvolvendo infraestruturas que para o rural deberían de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.

**Quinto.-** Que de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como é a posta en valor das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa orientado á conservación do seu patrimonio e a súa promoción turística, débense realizar investimentos que redunden na mellora da calidade de vida da poboación. Neste caso a singularidade do proxecto reside no valor patrimonial e cultural dunha ponte medieval, así como no seu valor turístico, o que xustifica o seu interese público e social.

A subvención directa decídese polo tanto en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación e dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.





Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio para concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións**

O obxecto do presente convenio é establecer as regras de colaboración entre a Agader e o Concello de Boborás para o proxecto senlleiro "Posta en valor das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa" orientado á conservación do seu patrimonio e a súa promoción turística.

### **SEGUNDA.- Actuacións a realizar**

As actuacións a realizar por parte do Concello de Boborás serán as seguintes: obras de restauración, conservación e a promoción turística das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa.

Para iso cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos de difusión ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns o uso das infraestruturas obxecto do convenio.

As actuacións que se pretenden realizar son as definidas no proxecto que se incorpora ao expediente, tales como:

- Análise das patoloxías e axentes de alteración.
- Control arqueolóxico dos traballos co obxecto de aumentar o coñecemento da obra e as súas fases constructivas, rexistrart elemeneto reutilizados, estudos arqueolóxicos de parámetros...
- Limpeza, eliminación das especies vexetais tanto superiores como inferiores, limpeza suavede superficie co obxecto de atenuar manchas e humidades.
- Consolidacións puntuais con morteiro de cal hidráulica e árido entrefino.
- Sinalización.





### **TERCEIRA.- Obrigas do concello**

O Concello de Boborás comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Agader e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Agader. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Boborás cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O concello deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Agader para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.





O concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. Agader poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

#### **CUARTA.- Financiamento**

Agader comprométese a aboar ao Concello de Boborás a cantidade de vinte e oito mil doucentos dous euros con cincuenta e seis céntimos (28.202,56 €), para a *"Posta en valor das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa"* con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".

Esta cantidade, 28.202,56 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Agader poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 14.101,28 €. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O concello tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 22.562,05 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.





No caso de que o concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

### **QUINTA.- Xustificación dos gastos**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007,d o 13 de xuno, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 25 de novembro de 2022.

A conta xustificativa da subvención presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoasolicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e praxe da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
  - O cumprimento da finalidade da subvención.
  - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.





- Informe técnico da dirección de obra que acredite a execución do proxecto conforme aos informes do servizo de Coordinación Cultural da Dirección Xeral de Patrimonio de Ourense do 18.02.2019 e do 22.10.2021.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2022, dende o 1 de xaneiro ata o 25 de novembro de 2022, data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Concello de Boborás non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

## **SEXTA .- Causas de resolución**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





## **SÉTIMA.- Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

## **OITAVA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

## **NOVENA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 25 de novembro de 2022, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2022.





## **DÉCIMA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento na data da sinatura dixital.

José González Vázquez  
(P.D. Acordo do Consello de  
Dirección do 21.07.2021)

Ana Patricia Torres Madureira

Presidente da Agader

Alcaldesa do Concello de Boborás

